

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

1555 Orde PRE/193/2013, do 7 de febreiro, pola que se modifica a parte III, do anexo II, do Real decreto 1205/2011, do 26 de agosto, sobre a seguridade dos xoguetes.

O Real decreto 1205/2011, do 26 de agosto, incorporou ao ordenamento xurídico nacional a Directiva 2009/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2009, sobre a seguridade dos xoguetes, e derogou a anterior normativa na materia, constituída polo Real decreto 880/1990, do 29 de xuño, exceptuando o artigo 2.1 e a parte 3 do seu anexo II, que quedarán derogados a partir do 20 de xullo de 2013, consoante o establecido na mencionada directiva respecto da anteriormente vixente, Directiva 88/378/CEE.

Na Directiva 2009/48/CE establécense uns valores límite para o cadmio con base nas recomendacións do Instituto de Saúde Pública e Protección do Ambiente dos Países Baixos (RIVM) presentadas nun informe de 2008. Estas recomendacións parten da hipótese de que a exposición dos nenos ás substancias químicas presentes nos xoguetes non pode superar un determinado nivel, denominado «inxestión diaria tolerable».

Para determinar os valores límites do cadmio, o RIVM utilizou a inxestión semanal tolerable de 7 µg/kg, establecida en 1989 polo Comité Mixto de Expertos en Aditivos Alimentarios (JECFA) da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura e a Organización Mundial da Saúde, e confirmada polo citado comité en 2001.

Non obstante, a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA), no seu ditame do 30 de xaneiro de 2009, chegou á conclusión de que a inxestión semanal tolerable establecida polo JECFA en 1989 e confirmada polo citado comité en 2001 xa non é apropiada á vista dos novos datos sobre a toxicoloxía do cadmio. A EFSA estableceu unha nova inxestión semanal tolerable de 2,5 µg/kg, que corresponde a unha inxestión diaria tolerable de 0,36 µg/kg.

En consecuencia, procedeuse a modificar a Directiva 2009/48/CE, mediante a Directiva 2012/7/UE da Comisión, do 2 de marzo de 2012, pola que se modifica, para adaptar ao progreso técnico, a parte III do anexo II da Directiva 2009/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á seguridade dos xoguetes, cuxa incorporación ao ordenamento xurídico español se realiza nesta orde.

Esta orde recibiu o informe do Consello de Consumidores e Usuarios e dos sectores afectados, así como o das comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, a través da Conferencia Sectorial de Consumo.

Esta disposición dítase en virtude da autorización contida na disposición derradeira terceira do Real decreto 1205/2011, do 26 de agosto, que autoriza a ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para modificaren conxunta ou separadamente, de acordo coas súas respectivas competencias, os anexos deste real decreto, a fin de os manter adaptados ao progreso técnico e, especialmente, ao disposto na normativa comunitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1205/2011, do 26 de agosto, sobre a seguridade dos xoguetes.*

Na parte III do anexo II do Real decreto 1205/2011, do 26 de agosto, modifícase o seu punto 13 substituíndo a entrada relativa ao cadmio polo seguinte texto.

«Elemento	mg/kg de material para xoguetes seco, quebradizo, en po ou maleable	mg/kg en material para xoguetes líquido ou pegañento	mg/kg en material para xoguetes raspado
Cadmio	1,3	0,3	17»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2012/7/UE da Comisión, do 2 de marzo de 2012, pola que se modifica, para a adaptar ao progreso técnico, a parte III do anexo II da Directiva 2009/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á seguridade dos xoguetes.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 20 de xullo de 2013.

Madrid, 7 de febreiro de 2013.—A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.